

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO ANO 2011

FEITOS

Primeiro. O Concello de Muros convocou no ano 2011 as axudas municipais para a realización de actividades culturais e deportivas no ano 2011.

Segundo. Presentáronse solicitudes de axuda ao abeiro da convocatoria reunindo todos os requisitos de participación e achegando toda a documentación precisa.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O Artigo 6, da convocatoria de axudas municipais para a realización de actividades culturais e deportivas para o ano 2011, establece como órgano competente de resolución á Xunta de Goberno Local a que **RESOLVE**:

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás entidades relacionadas no anexo a esta orde.

Segundo. Para facer efectivo o pagamento das axudas, os beneficiarios presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Muros, antes do día 15 de xaneiro de 2012 a seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación xustificativa, acompañada de publicidade (carteis, trípticos...). No caso de que a entidade non realizase publicidade, deberá presentar unha declaración na cal se manifeste que a entidade non realizou ningún tipo de publicidade.
- b) Facturas orixinais ou copia compulsadas polo importe a xustificar, que será o importe concedido máis o 10 por cento do mesmo.
- c) Unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode Vde. interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña.

Os anteditos prazos contarán desde que reciba esta notificación.

Se interpón o recurso de reposición, non poderá acudir ó contencioso administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso; transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, Vde. pode entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que Vde. xulgue oportunos.

ANEXO

MODALIDADE CULTURA

ENTIDADE	PROXECTO	IMPORTE
ACRDM Rumial	Clases de Pandeireta	350,00 €
AC Xeitura	Festival Folclórico	500,00 €
AC Galanía de Muros	Videoclip da asociación	700,00 €
AC Faltriqueira	Elaboración de traxes	500,00 €
AC Ximiela	Impartición de clases de baile galego e música tradicional	500,00 €
ANPA Agra da Filgueira	Obradoiro de Xardinería e medioambiente	300,00 €
Coral de Muros	Concerto de Panxoliñas	400,00 €
Coral de Serres	Concerto de Nadal	400,00 €
SC Monte Louro	Clases de Música Coral	400,00 €
San Xoán de Serres	Equipo de Son	700,00 €
AC Ponte Vella	Recuperación de Actividades Ancestrais	400,00 €
AC Xuntanza Cabalar	Ruta Cabalar Comarca de Muros	700,00 €
Teatro As Insuas	Teatro	350,00 €
Asociación Sorum	Actividades Culturais	400,00 €
AC Careca	Verán lúdico en Tal	500,00 €
AAVV A Ostreira	Recuperación dos muiños	400,00 €
Adisbismur	Taller de musicoterapia	400,00 €

MODALIDADE DEPORTE

ENTIDADE	PROXECTO	IMPORTE
ASCRD Esteirana (Fútbol)	Participación Ligas	800,00 €
ASCRD Esteirana (Fútbol Sala)	Participación Ligas	600,00 €
ASCRD Esteirana (Atletismo)	Participación Ligas	600,00 €
ANPA Ricardo Tobío	Curso Natación	300,00 €
Volantes de Baño	Participación Ligas	600,00 €
ADC Madanela	II Maratón de Rueiros	300,00 €
Escola de Fútbol <i>Os Miúdos</i>	Campionato de Fútbol Sala	400,00 €
A Salina Xuventude Fútbol Sala	Fútbol Sala Feminino	300,00 €
AAVV O Ferrollo	Seguro de Responsabilidade Civil e Urbana pista deportiva	300,00 €
ACD Bisbarra de Muros	Xornada de Pesca e Torneo de Baloncesto	300,00 €
UD Montelouro	Competicións da federación galega de fútbol	600,00 €
Muros SD	Participación en campionatos oficiais	800,00 €
AD Esteirana de Remo	Actividade federada de promoción e tecnificación	1.000,00 €
Club de Remo Muros	Temporada 2011	700,00 €